



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de xullo de 2022 (1257/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día vinte e dous de xullo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(639).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(640).- PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CÁTERING PARA O CONCERTO DE “TANXUGUEIRAS E LAURA MONTAGNE&PICOAMPERIO”. EXPTE. 9235/335.

Visto o informe de fiscalización do 21/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de TANXUGUEIRAS E LAURA MONTAGNE & PICOAMPERIO (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo da actuación artística, rider e catering para o concerto de “TANXUGUEIRAS e LAURA LAMONTAGNE & PICOAMPERIO” o día 30 de Xullo de 2022 no Auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 9 de xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 16 de xuño de 2022 redactado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 68.970,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 57.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”



Concello de Vigo

Segundo.- O 12 de xullo de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a PLAY PLAN CULTURAL, SLU., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data 12 de xullo de 2022 de 2022 PLAY PLAN CULTURAL, SLU., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 13 de xullo de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

Cualificada a documentación solicítuse ao licitador a emenda da mesma.

En data 19 de xullo de 2022, as 12.00 horas, reúnense de novo as citadas funcionarias. A xefa do servizo de Contratación comunica que durante o prazo conferido para a emenda da documentación o licitador non presentou nada. No entanto, presentou a documentación requirida o día seguinte da finalización do mesmo a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo. Neste punto, hai que ter en conta que a cláusula 7 do PCAP, como contido do sobre A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL indica que “Presentarase a documentación relacionada no artigo 140 da LCSP, así como o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e o Anexo II, e, no seu caso, a declaración do Anexo III”. Documentación que foi presentada inicialmente, polo que procede admitir neste procedemento a PLAY PLAN CULTURAL, SLU.

A continuación, ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PLAY PLAN CULTURAL, SLU., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 23 de xuño de 2022 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PLAY PLAN CULTURAL, SLU, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de TANXUGUEIRAS E LAURA MONTAGNE & PICOAMPERIO (9235-335) por un prezo total de 68.970 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 11.970 euros.
Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(641).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO EVENTO LOS40 SUMMER LIVE 2022. EXPTE. 9285/335.

Vistos os informes xurídico e de fiscalización, ambos do 22/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, conformado polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Antecedentes



Concello de Vigo

Con data do 30 de Xuño de 2022, a entidade RADIO VIGO, S.L.U. achegou a proposta do evento LOS40 SUMMER LIVE 2022, solicitando ao Concello de Vigo o patrocinio publicitario. Trátase da 7ª edición da xira LOS40 SUMMER LIVE 2022, que percorre España durante os meses de verán. Nesta xira actúan artistas de recoñecido prestixio como o grupo MARLON, Leo Rizzi, Natalia Lacunza, Samurai, Belén Aguilera, Depol, Polo Nández e Dani.

Os concertos terán lugar no aparcamento do Museo VERBUM o 3 de Agosto e o acceso será de balde.

No expediente consta seguinte documentación:

- Memoria do evento, doc. Nº 220174800 de data 13/07/2022 (trámite 14).
- Carta de exclusividade dos dereitos das actuacións en Vigo na data sinalada, doc. Nº 220780792 de data 19/07/2022 (trámite 29).
- Presuposto do patrocinio que se solicita, doc. Nº 220174800 de data 13/07/2022 (trámite 14).
- Plan de Medios doc. nº 220180676 de data 19/07/2022 no que se valora en 98.700,91,00 € o que podería custar a contratación de espazos publicitarios que xeren unha repercusión mediática similar á proposta (trámite 22).
- Informe de valoración do ROI realizado pola entidade ECOVIGO PUBLICIDAD (trámite 15).

O contido da proposta de patrocinio realizada por parte do Radio Vigo, S.L.U ao Concello de Vigo, como patrocinador principal do evento, lle permitirá difundir de maneira especial a súa participación directa na organización do evento, alcanzar e desfrutar dun alto grado de notoriedade no proxecto, resaltar a propia acción sociocultural que se desenvolve na cidade de Vigo como un dos valores de identidade da Cidade, e tendo en conta que o gasto da citada proposta de patrocinio atópase relacionado co desenvolvemento dunha acción que busca unha identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto social, universal e transversal como é a música. O seu desenvolvemento na cidade ten un reflexo directo sobre a dinamización socioeconómica da cidade. Este evento desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de medios de prensa dixital e redes sociais atraendo a atención mediática e social.

A prezo do contrato considérase adecuado tal e como se fundamenta no informe emitido por ECOVIGO asinado con data do 18/07/2022, no que se avala o importe solicitado en base ao ROI achegado pola entidade

No expediente constan os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 18/07/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 18 de xullo 2022.
- Memoria económica, de data 19 de xullo de 2022

- Documentos económicos, de data 20 de xullo de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 20 de xullo de 2022
- Memoria xustificativa, de data 15 de xullo de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá ao licitador entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 21 de Xullo de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 21 de Xullo de 2022

II. Condicións definitorias do contrato

As condicións que rexen este contrato están definidas pormiudadamente no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, na Memoria Xustificativa e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, ás que se fai unha remisión nesta proposta. As condicións definitorias fundamentais son as que seguen.

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O presente contrato ten por obxecto o patrocinio publicitario para para a promoción da cidade de Vigo, mediante a difusión da imaxe institucional do Concello de Vigo, na celebración do evento **LOS40 SUMMER LIVE 2022** previsto o día **3 de Agosto de 2022** no **Aparcamiento do Verbum**. O patrocinio se desenvolverá nos medios de comunicación nos que se divulgue información relativa ao evento e nas instalacións nas que se desenvolva o evento.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito



Concello de Vigo

administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerá polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a da LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a unha entidade determinada, RADIO VIGO, S.L.U. que ten a exclusiva do evento.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, nunha identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o ocio, o esparcemento e a música, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acollidora de grandes eventos musicais de nivel nacional e internacional.

A valoración para o patrocinio se fundamenta nunha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade, actuacións de difusión da imaxe da Cidade de Vigo na celebración do mesmo xerando un impacto económico segundo Plan de Medios da mercantil RADIO VIGO, S.L.U. de data 19/07/2022, no que se detallan as prestacións que outorgáranse ao Concello de Vigo cuantificando o importe dos espazos publicitarios en 98.700,91 €, os importes unitarios de valoración, aparecen desglosados no informe adxunto ao expediente.

O patrocinio desenvolve unha serie de accións de comunicación e difusión detalladas na cláusula 5 do PPTP.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o evento LOS40 SUMMER LIVE 2022, establécese en 39.480,36 euros (ive incluído).

O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao retorno que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como referencia na oferta sociocultural de calidade, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores ó evento nas diferentes insercións, ademais de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 39.480,36 euros (ive incluído), sendo o importe do iva a cantidade de 6.851,96 €.

Para o gasto que supón esta contratación existe consignación e financiamento suficiente con cargo á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico.

III.-Proposta

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3a da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato de patrocinio do patrocinio publicitario do evento **LOS40 SUMMER LIVE 2022** previsto o día **3 de Agosto de 2022** no **Aparcamiento do Verbum**.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 20 de Xullo de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 21 de Xullo de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **39.480,36 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **32.628,40 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(641).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO TURÍSTICO-DEPORTIVO “CAMPEONATO DO MUNDO VAURIEN 2022”, ORGANIZADO POLO REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO. EXPTE. 8162/104.

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 21/07/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral do Servizo de Contratación, pola xefa do Servizo de Contratación e pola técnica de Actividades Turísticas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade de patrocinio publicitario para a celebración do evento turístico-deportivo “Campeonato do Mundo Vaurien 2022” organizado polo Real Club Náutico de Vigo (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de xullo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do “CAMPEONATO DO MUNDO VAURIEN-VIGO 2022””, a entidade Real Club Náutico de Vigo, como organizador exclusivo do evento.

***Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola técnica do servizo de Turismo en data 18 de maio de 2022.*

***Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do servizo de contratación do Concello de Vigo, con data de 15 de xuño de 2022.*

***Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 50.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 8.677,69 euros*

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 4320,2279906 “PLAN DE ACTIVIDADE TURÍSTICA” e a bolsa de vinculación.

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art 101.1 LCSP é de 41.322,31 euros.

***Quinto.-** Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

***Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.”*

Segundo.- O 27 de xuño de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento ao REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data 11 de xullo de 2022 o REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 12 de xullo de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e solicitouse ao licitador a emenda da mesma, conferíndolle ao efecto un prazo de tres días.

Quinto.- En datas 15 e 18 de xullo de 2022 o licitador presentou a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo a documentación solicitada.

En data 19 de xullo de 2022, ás 10:30, reúnense de novo as citadas funcionarias para cualificar a nova documentación presentada polo licitador, comprobándose que presenta toda a documentación solicitada de xeito correcto con excepción das escrituras de constitución da asociación. No seu lugar presentan os estatutos da mesma compulsados co selo da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia certificando a súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia co número C-21. Realizada a comprobación no propio Rexistro de que a entidade atópase efectivamente rexistrada e tendo en conta que as escrituras públicas non son documentos obrigatorios para este tipo de entidades enténdese conforme a presentación dos devanditos estatutos.

Así, cualificada toda a documentación administrativa presentada e verificado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento ao REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO.

A continuación ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

Sexto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo único licitador REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- O prazo do contrato previsto na cláusula 7 comezará no momento da firma do mesmo.

A responsable do contrato, a hora de conformar a factura relativa ao pagamento do prezo, deberá ter en conta o prazo real de execución.

Segundo a cláusula 32.1 do PCAP “1.- O pagamento dos servizos do contrato efectuarase mediante a presentación da correspondente factura unha vez finalizado o “CAMPIONATO DO MUNDO DE VAURIEN-VIGO 2022” e desenvolvidas as actuacións de difusión propostas. Coa presentación da factura o patrocinado deberá entregar unha memoria descritiva das actuacións realizadas, a cal conterá un resúmen gráfico de todas as actuacións de difusión dos actos do “CAMPIONATO DO MUNDO DE VAURIEN-VIGO 2022”.

Terceiro.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á técnica do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do único licitador admitido na licitación, habendo presentando o mesmo toda a documentación solicitada en prazo de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 12 e 19 de xullo de 2022 de apertura dos sobres A e B.

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, o procedemento negociado sen publicidade de patrocinio publicitario para a celebración do evento turístico-deportivo “Campionato do Mundo Vaurien 2022” organizado polo Real Club Náutico de Vigo (8162-104) por un prezo total de 50.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 8.677,69 euros.”

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/rs-me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez